



UN PASEO POLO SAHARA

Larosi é un compañeiro que chegou ás nosas vidas pouco antes do nadal, cando tiña xa comezado o curso. A miña clase esperaba ao noso compañeiro saharauí con moita impaciencia, estábamos a piques de coñecer a alguén de outro continente, con outra lingua, outra historia e outra cultura diferente á nosa, e pensábase, como será?. Pero pasou case un mes e o novo alumno non chegaba. Un día a primeira hora da mañá entrou Carmen correndo á clase:

- Un rapaz moreniño acaba de entrar na sá de profes, creo que era “el”!!!

Chegou a profe, corrían os minutos pero alí non pasaba nada, máis que o runxe runxe entre nós, falsa alarma!!!, e a profe preguntándose porque estaríamos tan inquedos. Pero ao soar o timbre de pronto chegou a profe con Larosi, fíxose o silencio absoluto na clase e nos presentou ao novo compañeiro que viña “a aprender de nós, con nós e que nós íamos a aprender moito del”, de feito así foi. E Larosi era un neno coma nós.

A que quedou coa boca aberta foi a miña compañeira, cando o veu reconeceu a aquel neno de 6 anos que xogaba con ela de pequena en Deán, e que volveu a ver facía tres anos nunha comida na que se despedía aos nenos que xa non ían



voltar porque xa cumprían a idade. Que casualidade! e agora volvía para estudar no seu colexio, bueno, a miña compañeira case non o creía.

Logo a profe foise de novo con Larosi a botarlle a charla aos outros cursos. Despois do recreo Larosi volveu, entrou na clase como un pouco cortado e tímido, como é lóxico, porque non coñecía a ninguén, o profe ofreceulle contarnos algo da súa vida e tamén nos ensinou a escribir os nosos nomes en saharauí (aínda gardo o papel onde eu intentei copialo). Esa tarde Larosi xa tiña máis amigos que toda a clase xunta. Os días seguintes por onde andaba Larosi..., eu que sei..., parecía que regalaban algo porque alí sempre había un rebumbio enorme de xente arredor del. Moitos da clase xa lle dicían “vas a ser famoso”.

Larosi integrouse moi ben na nosa clase, é un rapaz moi amigable, un corazón amable e un bo compañeiro. O que máis lle gusta é xogar ao fútbol, pero cando xoga é un pouco “chupón”, gústalle canear e non pasa a pelota,

cando sexa maior di que lle gustaría ser futbolista pero sabe que ven a estudar para sacar unha profesión e ter un futuro. Tamén lle gusta ir á lonxa con Xavi onde se sente moi a gusto porque xa o coñece todo o mundo.

O outro día na clase vimos un video sobre como vivían. Ese documental impactoume, nel viase como viven con escasos recursos, con pouca auga, pouca enerxía eléctrica e ás veces escasez de comida. Larosi contoume que é así, o pan (merfish) quéntanno debaixo da área, a auga traenna en camións cisternas



dos pozos de Arxelia, enchen os depósitos de auga que teñen ao lado da casa e ás veces non lle chega para todo o mes, e se non hai comida non comen. A vida alí non é

nada doada.

Tamén me contou que as casas están feitas de area mollada que compactan e fan ladrillos de adobe pero cando veñen as tormentas de area tiran con todo e a volver a empezar, cada vez que penso o traballo que debe custar facelo, pónnense os pelos de punta. Logo ao lado das casa teñen unha jaima que son tendas de campaña grandes que usan cando baixan as temperaturas.



Aquí imaxinamos que está moi ben porque temos mais recursos que no Sahara, pero sen embargo sei que el sofre porque bota de menos á súa familia," a familia é o mellor do mundo", di el; e sei tamén que ten un gran desexo por voltar ao seu país: no fondo o que máis bota en falla é o amor da familia, o agarimo do seu pai, o sorriso dos seus irmáns, un quérote da súa nai, e iso nada o poderá substituír.

Eu entendo a Larosi, entendo que bote de menos á súa familia, aos seus amigos, á súa terra, que non ten. Alí as familias adoitan ser moi numerosas, el ten a seus pais, oito irmáns e dous sobriños. Penso que el é moi forte, e moi valente, eu non sei se



soportaría a dor que se debe sentir estar lonxe dos teus durante nove meses, se agora mesmo me puxeran na súa pel non sei se aguantaría. Pero dixo tamén que estaba feliz de vir a Galicia a aprender cousas novas e poder algún día sacar uns estudos, axudar á causa do seu país e conseguir a liberdade do Sahara.



O verán pasado foi moi duro para min porque o meu amigo Bachir, na mesma situación de Larosi, tivo que quedarse nos campos de refuxiados, xa non puido vir máis a Galicia, e foise á guerra con catorce anos. Larosi tivo sorte xa que os seus pais de acollida, Manola e Paco puideron traelo aquí durante o curso para que fora á escola. Dáme pena a xente que está a pasalo mal, pero aínda mais a vaidade, o egoísmo e a necesidade de riqueza que ten o home, porque ao fin e ao cabo todos somos iguais, entón porque non todos temos a mesma liberdade?

Larosi cóntanos a **historia do seu pobo**:

As cores da súa bandeira



No ano 1885 os Europeos “repartíronse” o continente africano para explotar os seus recursos, “tocándolle” aos españois o Sahara occidental. As persoas que vivían nestes lugares tiveron que cambiar o seu modo de vida e someterse a unhas fronteiras que nunca antes existiran, e así viviron durante décadas.

Pero nos anos setenta e coa axuda da ONU comenzouse a producir o proceso de descolonización do continente. No caso do Sahara Occidental non foi

tan sinxelo porque era unha terra na que os españois descubriron moita riqueza. Marrocos reclamaba esa terra como súa, e EEUU e Francia presionaron a unha débil España para que se retirara, mentras que os saharauis comezaron a sentir que o Sahara era a súa terra e defendían a súa independencia a través da organización do Frente Polisario.

No ano 1975, a piques de morrer Franco, produciuse a Marcha Verde que foi a ocupación do territorio saharauí por parte do rei Hassan II de Marrocos. Da noite para a mañán o exercito español retirouse do territorio abandoando ao pobo saharauí á súa sorte: parte da poboación abandoa o seu país e refuxiase nunha terra prestada por Arxelia en pleno deserto, e este é o caso da familia do noso compañeiro Larosi (os campamentos de refuxiados de Tinduf), e outra parte permanece nos territorios

ocupados sometidos á presión marroquí, e coa promesa de un referendun que aínda hoxe, despois de 24 anos non se levou a cabo debido ás condicións que impón Marrocos.

Dende aquela moitas familias viven separadas por un muro de 2.500 Km plagado de campos de minas que o goberno de Marrocos construíu no ano 1981 dividindo o Sahara en dous, e continuase sen dar unha solución a este conflito inxusto.

Agora que sei todo isto, penso que España debería facer todo o posible para que os saharauis recuperaran a súa terra, posto que, como di o noso profe, estamos en deuda con eles.

O martes vai vir Amparo ao noso centro. Amparo é unha das persoas que trae aos nenos saharauis a Galicia, vains contar que é o programa **Vacacións en Paz** grazas ao cal os nenos saharauis veñen a Galicia e a outros lugares de España a pasar o verán, e así non sofren as altas temperaturas que alí teñen e que poden chegar ata os 50º, como comentaba un da clase se vivirá no Sahara pasaríame o día á sombra dunha árbore... ai se houbera...!!!!. Tamén de paso se lle fan revisións médicas, porque alí a sanidade tamén é bastante precaria, e depende moito da axuda humanitaria dos países cooperantes.



agradable e nunca esquenza o cariño que sentimos por el, todos os compañeiros esperámoste de novo despois do verán para comenzar un novo curso.

Adicado a Larosi e Farra, a Bachir, a Luanat e Tahia, a Mohamed e Nayim, a Buba, a Farra e a todos os amigos saharauis, nosos irmáns no corazón, tal lonxe pero agora tan perto de nós.

Os teus compañeiros de 1º de ESO